



Mensaxe de Nadal da Súa Maxestade o Rei

24 de decembro de 2021

Boas noites,

As miñas primeiras palabras nesta Noiteboa quero dedicalas aos que vivides na illa da Palma e estades a pasar, dende hai tres meses, unha situación tan dolorosa e difícil. O volcán deixouvos a moitos sen fogar, sen medio de vida e a todos nos encheu de tristura.

Hoxe o noso corazón e o noso pensamento seguen convosco. Sentímonos moi preto e sabedes que tedes a nosa solidariedade e que contades co traballo e o compromiso de todas as Administracións para que poidades reconstruír, canto antes, as vosas vidas, a vosa economía, e refacer así os vosos proxectos con ilusión.

O ano pasado, na miña mensaxe de Nadal, compartín con vós a necesidade de facer un grande esforzo colectivo que nos permitise superar a COVID-19, coa esperanza posta na ciencia e especialmente nas vacinas.

Un ano despois —e sempre con toda a prudencia necesaria— a situación é diferente. Avanzamos substancialmente na loita contra a pandemia grazas ao descubrimento e autorización das vacinas, ao gran número de españois que se vacinou así como ao propio proceso de vacinación no noso país, do que podemos sentirnos especialmente satisfeitos.

Aínda así, estamos a ver que o virus aínda ten a capacidade de facernos dano, de moitas maneiras. Vólvese transmitir moi rapidamente e, polo tanto, o risco non desapareceu. Ao contrario. Por iso, debemos seguir tendo coidado, protexernos e actuar coa maior responsabilidade individual e colectiva. Todos temos que facer o posible para non dar pasos atrás nesta crise sanitaria que tanto sufrimento causou; e a cuxas vítimas lembramos, especialmente, nestas datas. E novamente ao persoal sanitario —nestes momentos— dámoslles inmensas grazas, con todo o noso apoio e ánimo.

Tamén neste último ano moitos cidadáns continúan padecendo as consecuencias sociais, económicas e tamén emocionais derivadas da pandemia. Por unha parte, a nosa economía volveu medrar e recuperar a gran maioría dos postos de traballo que se viran temporalmente suspendidos; e a cifra de ocupados evoluciona a un ritmo realmente positivo. Pero por outra, aumentou o número de persoas en situación de vulnerabilidade, e hoxe en día existe preocupación en moitos fogares pola suba dos prezos, o custo da enerxía ou polas dificultades para encontrar un emprego estable, especialmente para a mocidade.

Amais todo iso, é verdade que no mundo é un feito que os países dependemos, cada vez máis, uns dos outros; e que se requiren solucións a nivel mundial para moitos dos desafíos que compartimos, como é o caso da saúde, que esixe unha colaboración internacional máis eficaz e máis reforzada.

Tamén, as novas tecnoloxías están a cambiar os tradicionais modos de produción das empresas e, polo tanto, inflúen no concepto mesmo do traballo, tal e como sempre o coñeceramos; a ciencia avanza, e para ben, pero está a modificar moitos aspectos das nosas vidas persoais e en comunidade. Á vez observamos como, en ocasións, se poñen a proba as nosas conviccións, os nosos valores ou vense afectados os nosos principios de organización social e de convivencia en liberdade.

Estes son algúns exemplos dos retos que temos por diante e que mostran os tempos tan complicados que vivimos; tempos que nos obrigan a permanecer moi alerta nun escenario, sen dúbida, cheo de incertezas e de contrastes.

Ante esta situación, que facer? Temos que deixarnos levar polo pesimismo? Debemos caer no conformismo, esperando que os problemas se resolvan por si sós? Eu creo que non.

Creo, pola contra, que debemos reaccionar: Debemos entender e asumir as novas transformacións que —de xeito tan acelerado— estamos a vivir, tomar a iniciativa e intentar ir por diante dos acontecementos; e debemos igualmente adaptarnos rapidamente aos cambios, tendo sempre claros nosos grandes obxectivos e prioridades como país. Porque tamén é un tempo de novos proxectos, de novas ideas e oportunidades; de iniciativas cheas de ambición por mellorar e progresar.

Todos desexamos unha sociedade avanzada no económico e social, con emprego estable e digno, e cun Estado do Benestar sólido; queremos unha sociedade que siga impulsando a igualdade entre homes e mulleres, que favoreza o progreso individual e social; e aspiramos —por suposto— a que sexa punteira en tecnoloxía, en innovación, que estea na vangarda da loita contra o cambio climático e plenamente comprometida coa sostibilidade do noso planeta e o seu equilibrio ambiental.

Creo sinceramente que os desafíos que temos por diante representan para España, como para moitas outras nacións, unha auténtica encrucillada; pero son sen dúbida unha oportunidade histórica, mesmo unha esixencia para poñernos ao día, para actualizar e modernizar o noso país, manténdonos firmes nos nosos principios democráticos e nos valores que inspiran a nosa convivencia. Porque no que fagamos ou decidamos de agora en diante está en xogo que poidamos seguir progresando xunto ás nacións máis avanzadas ou que perdamos o paso no noso camiño.

E nesa gran tarefa, as institucións temos a maior responsabilidade. Debemos ter sempre presentes os intereses xerais e pensar nos cidadáns, nas súas inquietudes, nas súas preocupacións, estar permanentemente ao seu servizo e atender os seus problemas. Debemos estar no lugar que constitucionalmente nos corresponde; asumir, cada un, as obrigas que temos encomendadas; respectar e cumprir as leis e ser exemplo de integridade pública e moral.

Para todo iso, o entendemento e a colaboración son actitudes necesarias que dignifican as institucións; máis aínda, fortalécenas, porque xeran a confianza da cidadanía. E as diferenzas de opinión non deben impedir consensos que garantan unha maior estabilidade, maior benestar nos fogares e dean a necesaria tranquilidade ás familias ante o seu futuro.

Pero sen dúbida, tamén a sociedade ten que desempeñar un papel esencial nestes tempos de cambio. As circunstancias, moitas delas nada doadas, que nos tocou vivir, sobre todo ao longo destes últimos 40 anos, forxáronnos como unha sociedade forte e responsable; e enormemente solidaria, como comprobamos dende o comezo desta pandemia. Son os nosos valores cívicos, xunto ao talento, a vitalidade e a enerxía que temos na industria, nos servizos ou o campo, os que deben estar moi presentes na construción do noso futuro.

Se sabemos onde nos queremos dirixir, tamén debemos ser conscientes de onde vimos:

O cambio tan profundo de España nestas máis de catro décadas de democracia e liberdade foi extraordinario, e non foi froito da casualidade. Baseouse no esforzo e o sacrificio de moitas persoas, de millóns de españois. E debeuse a moitas razóns: sentido da historia, grandes acordos, xenerosidade, responsabilidade e visión de futuro.

Ese gran proxecto de transformación simbolízao e representa a nosa Constitución, coa que nos integramos plenamente nas modernas democracias occidentais e cuxo espírito nos convoca a unidade fronte á división, o diálogo e non o enfrontamento, ao respecto fronte ao rancor, ao espírito integrador fronte á exclusión; convócanos permanentemente a unha convivencia cívica, serena e en liberdade.

A Constitución foi e é a trabe mestra que favoreceu o noso progreso, a que sostivo a nosa convivencia democrática fronte ás crises, serias e graves de distinta natureza, que vivimos, e merece por iso respecto, recoñecemento e lealdade.

E o noso futuro como país vai moi da man da Unión Europea; así o entenden maioritariamente os españois. Europa foi unha aspiración e un obxectivo, e hoxe é unha gran realidade política, económica, social e cultural, na que compartimos cos nosos socios nacionais europeos uns mesmos valores democráticos que nos ofrecen un marco institucional de estabilidade, de seguridade, e de confianza. E tamén de novas oportunidades.

Vimos como a loita contra a pandemia, con toda a súa complexidade, reforzou a propia Unión, que asumiu compromisos moi importantes — sen precedentes— en saúde, economía e emprego. E agora a Unión ábrese á oportunidade de investir fondos europeos na modernización do noso país e das nosas empresas, nunha economía necesariamente cada vez máis dixital, máis verde e máis inclusiva. É unha ocasión única que non podemos desaproveitar.

O momento é difícil, dende logo, pero deternos hoxe é quedarnos atrás; é retroceder. Hai que seguir adiante porque a Historia nos ensina que os españois soubemos como reaccionar e sobrepoñernos ante as adversidades. Agora ábrese ante nós un futuro que nos esixe —a todos— responsabilidade, vontade de colaborar e entendernos; e necesita —ese futuro— que confiemos máis nas nosas propias forzas como Nación. E non teño dúbida do noso compromiso, da nosa capacidade; e de que, con decisión, con pulo e carácter, o conseguiremos.

Non me estendo máis, pero recordemos que esta noite tamén hai moitas persoas velando pola nosa saúde, pola nosa seguridade e tranquilidade, e garantindo os servizos públicos. Todos eles, merecen o noso recoñecemento e que os teñamos especialmente presentes nestas datas.

Grazas pola vosa atención; e coa paz e a alegría que esta noite representa, xunto á Raíña e as nosas fillas a Princesa Leonor e a Infanta Sofía, deséxovos a todos que teñades unha moi bo Nadal e Ano Novo.

Eguberri on, Bon Nadal, Boas festas.